

Antón Riveiro Coello visita o I.E.S. da Pobra do Caramiñal

O pasado luns, 15 de xaneiro, o escritor Antón Riveiro Coello, de orixe limiao e agora asentado na Barbanza, aceptou o convite que lle fixera o Departamento de Lingua Galega e do Equipo da Biblioteca do noso centro, e amabelmente accedeu a compartir a tarde co alumnado de Bacharelato. Foi unha charla amena e divertida, en que os moitos lectores e lectoras que ten entre nós aprendemos moito del e das súas obras. A continuación recolleemos algúns dos temas que abordou durante a súa exposición.

Na súa visita ao I.E.S. da Pobra do Caramiñal, Antón Riveiro Coello fixo unha breve semblanza autobiográfica. Estes son algúns dos apuntamentos que nos deixou.

“Nacín en 1964, en Xinzo de Limia, son da quinta de Miguel Induráin. Cursei estudos de Dereito en Santiago, que abandonei no quinto ano, toquei a guitarra nun grupo de rock, vendín ordenadores, fun funcionario do Estado, agora da Xunta, e por fin, xa cuns cantos aniños para me meter nestas festas, rematei dedicándome á escrita, na que teño sido galardonado nuns cantos certames dos que salientaría o Álvaro Cunqueiro, o García Barros, o Café Dublín, o Torrente Ballester (como finalista), o Modesto R. Figueirido do Pedrón de Ouro, o Manuel Murguía, o Camilo José Cela, o Breogán de Contos, o Castelao de Narrativa, o Casa de Galicia en León, o Migas e Tragos, o Vila das Neves ou o Ourense de Contos, entre outros.”

Iremos punto por punto ampliando este fragmento autobiográfico de Antón Riveiro Coello, ponente que nos ofreceu unha charla amena e chea de anécdotas persoais, dúas horas en que houbo risas e moito interese.

A súa infancia trasncorre con certo sabor amargo, pois de moi novo Riveiro Coello, debido ao seu

apelido e a uns cantos quiliños de máis era moitas veces centro de mofas e alcumes como “coella parida”. Hoxe, aos seus 42 anos, recorda con ledicia as cousas de rapaces. Xa desde os seus anos máis tenros destacou dunha ou doutra forma. Antón estivo de colexio de curas en colexio de curas, con numerosas expulsións, até que finalmente completou a súa educación no instituto de Xinzo de Limia, a súa vila natal. No Instituto montou un grupo de rock, co orixinal nome de “Sacho”; o seu soño era chegar a ser como Ritchie Blackmore, guitarrista de Deep Purple.

Afirma que para el é máis doado compoñer letras de cancións que escribir un conto. Relatounos que un día, tras un concerto dos Suaves no que coñeceu o cantante, este ofreceulle un posto de guitarrista na banda (tras oílo tocar, claro). Daquela contaba con dezasete anos e tivo que achantar coa rotunda negativa dos seus pais.

Tempo despois deixaría a guitarra, cando durante un concerto privado á que agora é a súa compañeira, esta caeu durmida.

Contodo, este adolescente “heavy” xa amosaba grandes aptitudes para a escrita. Fixo Dereito por recomendación dun profesor de literatura que lla tiña xurada e recoñece que é unha carreira para xente sen vocación. A pesar de todo, tivo a “mala sorte” de aprobar a carreira (case sempre copiando, segundo recoñece).

Animado polos seus achegados, Riveiro comezou a presentar os seus relatos a concursos, e gañou moitos deles. Presentaba relatos sen parar e sen importarlle a lingua, escribía en galego pero traducía ó castelán se as bases así o requirían; por todo isto decidiu chamar a esa fase da súa produción escrita a “etapa de prostitución”. Pouco a pouco foi formalizando, e comezou a publicar as obras que son hoxe as máis coñecidas, como “A quinta de Saler” ou “As regras de Bakunin”. No que respecta ás súas obras, Riveiro Coello mencionou que, como xa moitas e moitos nos decatáramos, todas elas están relacionadas entre si, por exemplo, con personaxes que aparecen en varias delas. Pero esta relación non afecta a súa comprensión cando as lemos

independentemente.

Unha das máis entretidas anécdotas, de entre as moitas que contou na súa intervención, foi como xurdiu a idea de lle poñer a un dos personaxes de “As rulas de Bakunin” o alcume de Lambeconas. Contou Riveiro Coello que os seus amigos e mais el, unha noite de farra, cando xa todos os pubs pecharan, acabaron por tomar a última copa nun local que resultou ser un bordel. Alí, unha fermosísima venezuelana, tras adiviñar a profesión de varios dos amigos do grupo, díxolle a outro non a profesión, senón de que tiña cara, e resulta que para a rapaza era de “chupaconas”.

Tamén nos falou Antón Riveiro Coello do Couto Mixto, un dos escenarios de “A quinta de Saler” ou de “A esfinxe de Amaranto”, lugar real entre Galicia e Portugal onde o autor pasou parte da súa infancia. Esta pequena república independente posuía uns privilexios especiais que conservaban converténdose nunha sociedade endogámica e chea de fuxitivos que alí foron parar. O aspecto do Couto Mixto que máis lle interesou a Riveiro Coello foi o autogoberno e a utópica posibilidade de facer uso dese poder independente para implantar no século XIX unha experiencia “comunista” no país.

Nuria Dorado Martínez
Tamara Fariña Sanisidro
Marta Riveiro Abal